

O SECTOR SECUNDARIO

1.- Conceptos básicos.

O sector secundario ocúpase da transformación das materias primas que se obteñen no sector primario.

As principais actividades económicas que se inclúen neste sector son a industria, a minería, a produción de enerxía e a construción.

1.2.- A Industria.

Transforma as materias primas en produtos; estes poden ser elaborados (listos para seren consumidos) ou semielaborados (transformados, pero destinados a un novo uso antes de seren consumidos).

Ademais das materias primas, a industria tamén emprega fontes de enerxía (recursos naturais cos que se pode producir forza para transformar as materias primas), e os factores de produción, entre os que destacan a man de obra, o capital (instalacións, maquinaria, diñeiro) e a tecnoloxía (métodos empregados).

1.3.- Minería e produción de enerxía.

A minería localiza, extrae e refina rochas e minerais do subsolo.

A produción de enerxía consiste na transformación das fontes de enerxía¹ en calor ou electricidade. Isto lévase a cabo en centrais térmicas, hidroeléctricas, nucleares, solares, eólicas, etc.

2.- As materias primas.

Poden clasificarse atendendo a diversos criterios.

Segundo a súa orixe poden ser vexetais (proceden da agricultura e da explotación forestal), animais (proceden da gandaría e da pesca) ou xeolóxicas (proceden de xacementos na codia terrestre e poden ser minerais, metálicos e non metálicos; rochas, como granito, arxila ou mármore; e produtos enerxéticos, como o carbón, petróleo, gas natural, uranio, etc.).

A produción concéntrase nos CARBS (Canadá, Australia, Rusia, Brasil e Sudáfrica), que producen entre o 25 e o 50% do total. Nalgúns países concéntranse algúns recursos concretos (coltán na RD Congo).

Estas materias primas consúmense nos países desenvolvidos (Europa Occidental, Xapón, USA) e nos países en desenvolvemento (India e China).

Algúns problemas son a escaseza e encarecemento polo uso como biocombustible, para as materias primas agrarias, ou a escaseza e a desigual distribución, para as materias primas xeolóxicas.

3.- Tipos de industrias.

Ao igual que as materias primas, tamén existen diversos criterios de clasificación.

En canto a súa posición no proceso de produción, poden ser de base (produtos semielaborados), de bens de equipo (fabrican maquinaria para outras industrias, transporte ou construción), e de uso e consumo (produtos pra o consumo final).

Segundo o peso da materia prima poden ser pesadas (industrias de base), semi-pesadas (industrias de bens de equipo) ou lixeiras (industrias de consumo).

Pola tecnoloxía empregada son de baixa tecnoloxía ou tradicionais, de tecnoloxía media ou maduras (estancadas) e de alta tecnoloxía (en expansión).

Por último, unha das clasificacións máis comúns corresponde ao seu tamaño, podendo ser pequenas (menos de 50 traballadores), medianas (de 50 a 250 traballadores) ou grandes (máis de 250 traballadores).

4.- Factores de localización industrial.²

1 Neste punto deberedes estudar as táboas de enerxías tradicionais e alternativas no voso caderno.

2 Estudar o esquema da páx. 161.

5.- As industrias do mundo. Modelos segundo a súa evolución económica.

5.1.- Polos industriais históricos.

Destacan USA, Xapón e a Unión Europea.

Como puntos a favor, contan con alta tecnoloxía, pois concentran industrias de I+D+i e as sedes sociais das grandes empresas, e os seus mercados nacionais contan cun gran poder adquisitivo.

Pola contra, como punto negativo, padecen o proceso de deslocalización cara países emerxentes, que consiste no traslado da fase de produción a países con custos máis baixos, principalmente no relativo á man de obra.

5.2.- Países emerxentes.

Son os BRIC xunto coas potencias rexionais como Australia e Nova Zelandia.

Os seus puntos positivos son a existencia de abundantes recursos naturais; man de obra barata que serve de efecto chamada para as empresas dos países desenvolvidos; e a posterior implantación de industrias punteiras cos beneficios obtidos polo punto anterior.

5.3.- Áreas menos industrializadas.

Corresponde aos países menos desenvolvidos.

O seu escaso desenvolvemento débese ao reducido poder adquisitivo do seu mercado, e ao afastamento das áreas máis desenvolvidas.

Ao seu favor xoga a deslocalización, xa citada, que trae cara estes países industrias de tecnoloxía media e baixa.